

ÍNDICE:

1.INTRODUCCIÓN	2
1.1 OBXECTIVOS, MÉTODO E DESENVOLVEMENTO DA ACTIVIDADE REALIZADA	2
1.2 MARCO HISTÓRICO E LITERARIO DA OBRA	3
1.3 TÁBOA DOS SÍMBOLOS FONÉTICOS EMPREGADOS	4
1.4 TÁBOA DAS ABREVIATURAS EMPREGADAS	6
2.O TEXTO	7
2.1 TRANSCRIPCIÓN GRÁFICA DO TEXTO	7
2.2 TRANSCRIPCIÓN FONOLÓXICA DO TEXTO	7
3. ESTUDIO DA ETIMOLOXÍA E EVOLUCIÓN FONÉTICAS DAS PALABRAS DO TEXTO	8
4. ESTUDIO GRAFEMÁTICO	26
4.1 REPRESENTACIÓN DA VOCAL /i/	26
4.2 PRESENCIA DE -U-, -V- e -B-	26
4.3 REPRESENTACIÓN DAS CONSOANTES FRICATIVAS E AFRICADAS	27
4.4 REPRESENTACIÓN DAS CONSOANTES LATERAIS	27
4.5 REPRESENTACIÓN DAS CONSOANTES VIBRANTES	28
4.6 O TIL DE NASALIDADE	28
5. ÍNDICES	29
5.1 ÍNDICE DE VOCES DO TEXTO POR ORDE ALFABÉTICA	29
5.2 ÍNDICE ONOMÁSTICO	29
5.3 ÍNDICE ETIMOLÓXICO DAS VOCES DO TEXTO	30
6. BIBLIOGRAFÍA CONSULTADA	31

1.INTRODUCCIÓN:

1.1 OBXECTIVOS, MÉTODO E DESENVOLVEMENTO DA ACTIVIDADE REALIZADA:

O meu obxectivo fundamental é tratar de facer o traballo da mellor maneira posible e con isto, adquirir uns coñecementos que me permitan entender mellor a fonética histórica e que me faciliten futuros traballos deste tipo.

Para elaborar este traballo empreguei todo o material citado na bibliografía, aínda que os volumes que máis me axudaron foron, sen dúbida, a Gramática Histórica de Ferreiro e o Glosario da Traducción da Crónica de Ramón Lorenzo.

Ó comezo estaba bastante perdida, porque non sabía facer as cadeas evolutivas, nin transcripcións fonolóxicas, etc. nin sequera sabía por onde comezar a buscar información acerca da escrita medieval e da latina.

Decidín comezar buscando os étimos das palabras, para despois meterme de cheo nas cadeas e pouco a pouco funme familiarizando cos diferentes manuais e libros empregados, e a cousa comezou a ter mellor cara, pero aínda había unha parte que se me resistía, e que creo que se me seguirá resistindo un pouco: os verbos latinos. As declinacións aínda se repasan facilmente, pero para alguén coma min, que estudiou latín hai ó menos sete anos, era imposible lembrar nada dos tempos verbais, só botando man de novo ós libros do bacharelato, logrei poñerme un pouco ó día e tentar resolver as moitas dúbidas que se me presentaban.

Fun facendo as cadeas das diferentes palabras, deixando aquelas nas que tiña máis dúbidas para o final. Unha vez rematadas as cadeas, púxenme co estudio das grafías medievais e decateime de que podía explicar moitas dos procesos que tiveran lugar na I. Media sen ter que mirar nos manuais.

Ó final, supoño que me gustou facer o traballo, porque a pesar de que me levou unha eternidade rematalo e que sei que moitas das cousas estarán mal, tamén sei que aprendín outras moitas que me han valer para o futuro.

1.2 MARCO HISTÓRICO E LITERARIO DA OBRA:

A Crónica Xeral e Crónica de Castela é unha obra fundamental para a nosa historia literaria e para coñecer aspectos tan importantes coma os que nos ocupan neste traballo: ver a evolución lingüística que sufriu o idioma dende o latín á I. Media, e dende a etapa medieval ata a catualidade.

Esta obra foi transmitida e conservada a través de dous manuscritos ,o 8.817 da Biblioteca Nacional de Madrid (1225–1312), que está completo, e o 2.497 da Biblioteca Universitaria de Salamanca. Ámbolos dous se remontan a principios do s. XIV, aínda que o segundo é máis moderno (finais do s.XIV), ó ser só unha copia da primeira parte do anterior.

O primeiro manuscrito estaba composto por dous códices que orixinariamente eran independentes, pero que xa estaban unificados no século XV. A primeira das partes é unha traducción da *Versión amplificada* da *Crónica general de Afonso X o Sabio* (nome dado por Diego Catalán) e a segunda, é a traducción da *Crónica de Castilla* e da *Crónica particular de San Fernando*.

Nun primeiro momento traduciuse a *Crónica de Castela*, que comeza co rei Fernando I (1037) (unión de León a Castela), e que chegaba, nun primeiro momento ata o retorno de Fernando III de Xaén ó comunicarlle a morte de Afonso IX de León (1230) (unión dos reinos de León e Castela). A continuación, o traductor introduciu un capítulo máis para comentar os últimos anos do reinado de Fernando III e os reinados de Afonso X e Sancho IV, e así chegar a Fernando IV, pero posteriormente, este capítulo riscouse e aumentouse con

datos acerca do resto do reinado de Fernando III ata a morte do mesmo, coa traducción da *Crónica Particular de San Fernando*. Despois virían unha follas a modo de resumo, que tamén serían riscadas, polo que vemos que se rematou a traducción no reinado de Fernando IV.

A modo de interpolación para unir as dúas partes aparece unha traducción do *Líber Regnum* que vén en letra diferente, e fai referencia ós acontecementos anteriores e á época en que comeza a *Crónica de Castela*.

Despois disto, comezouse coa traducción da primeira parte, centrándose na traducción xa feita da segunda, e nela atopamos o acontecido dende o reinado de Ramiro I de Asturias ata a morte de Vermudo II de León (842–1037), e onde se conta con todo detalle a historia dos reis de Castela e León, engadindo datos e referencias sobre os reis godos, a invasión árabe, a restauración da monarquía visigoda e os condes de Castela.

Esta Crónica representa un dos textos máis importantes no referente ó seu contido, xa que non é un relato frío, é un texto que nos ofrece unha lectura entretida, onde se mesturan fantasía e realidade, temas da vida diaria da época, diálogos, aventuras cabaleirescas, fábulas, lendas, etc. aparte de elementos relixiosos e de grandes feitos de armas. Pero é sen dúbida importante porque é un dos textos en prosa máis arcaicos e o máis antigo feito en lingua galego–portuguesa.

1.3 TÁBOA DOS SÍMBOLOS FONÉTICOS EMPREGADOS:

Vocálicos:

[a] vocal central aberta.

[e] vocal anterior media pechada.

[] vocal anterior media aberta.

[i] vocal anterior pechada.

[o] vocal posterior media pechada.

[] vocal posterior media aberta.

[u] vocal posterior pechada.

*Todas estas vocais podían aparecer nasalizadas co símbolo < > por enriba.

Vocais longas latinas: , , , , .

Vocais breves latinas: , , , , .

Consonánticos:

[p] cons. oclusiva bilabial xorda.

[t] cons. oclusiva dental xorda.

[k] cons. oclusiva velar xorda.

[b] cons. oclusiva bilabial sonora.

[d] cons. oclusiva dental sonora.

[g] cons. oclusiva velar sonora.

[β] cons. fricativa bilabial sonora.

[ð] cons. fricativa dental sonora.

[] cons. fricativa velar sonora.

[f] cons. fricativa labiodental xorda.

[v] cons. fricativa labiodental sonora.

[t] cons. africada prepalatal xorda.

[t] cons. africada prepalatal sonora.

[ts] cons. africada dentoalveolar xorda.

[dz] cons. africada dentoalveolar sonora.

[] cons. africada predorso–alveolar xorda.

[z] cons. africada predorso–alveolar sonora.

[s] cons. fricativa ápico–alveolar xorda.

[] cons. fricativa ápico–alveolar sonora.

[] cons. fricativa prepalatal xorda.

[] cons. fricativa prepalatal sonora.

[] cons. fricativa interdental xorda.

[x] cons. fricativa velar xorda.

[h] cons. fricativa faringal xorda.

[m] cons. nasal bilabial sonora.

[n] cons. nasal alveolar sonora.

[] cons. nasal velar sonora.

[] cons. nasal palatal sonora.

[l] cons. líquida lateral alveolar sonora.

[] cons. líquida velarizada sonora.

[] cons. lateral palatal sonora.

[] cons. líquida vibrante simple alveolar sonora.

[r] cons. líquida vibrante múltiple alveolar sonora.

[j] semiconsoante/semivocal palatal.

[w] semiconsoante/semivocal velar.

> evolúe a.

< vén de.

< > representación grafía.

// representación fonolóxica.

[] representación fonética.

1.4 TÁBOA DAS ABREVIATURAS EMPREGADAS:

adv. ----- adverbio.

arc. ----- arcaico.

art. ----- artigo.

Acusat. ----- acusativo.

conx. ----- conxunción.

cons. ----- consoante.

dial. ----- dialectal.

ex. ----- exemplo.

fem. ----- feminino.

indef. ----- indefinido.

Indicat. ----- Indicativo.

Imperat. ----- Imperativo.

I.M. ----- Idade Media.

l. ----- liña.

ls. ----- liñas.

lat. ----- latín.

masc. ----- masculino.

med. ----- medieval.

pl. ----- plural.

prep. ----- preposición.

Pres. ----- Presente.

Pret. ----- Pretérito.

pron. ----- pronome.

px. ----- páxina.

s. ----- século.

sg. ----- singular.

subst. ----- substantivo.

ss. ----- séculos.

VVAA ----- varios autores.

vbo. ----- verbo.

vid. ----- ver.

vs. ----- versus.

1P,2P,3P ----- 1ª,2ª,3ª persoa.

CI,CII,CIII ---- 1ª,2ª,3ª conxugación.

2. O TEXTO:

Este texto comprende as liñas da 4 á 8 pertencentes ó capítulo 178 de *La Traducción gallega de la Crónica General y la Crónica de Castilla* de R.Lorenzo, titulado Capitolo que fala do linag onde uen Rroderigo de Biuar (px.308).

2.1-TRANSCRIPCIÓN GRÁFICA:

b a defender a terra dos cristãos dos mouros que a conqueriã. Et por ende 4

queremos que sabades de qual linag vem ou de quaes omes deçende, por que 5

teemos d'ir pela sua estoria adeante.Sabede que, quando finou el rrey dõ 6

Pelayo, o Mõtesino, ficou o rreyno de Castella sen rey. Et fezerõ y II alcalles: o h u 7

ouue nume Nuno Resuera et o outro Layn Caluo. Et de Nuno Resuera 8

2.2- TRANSCRIPCIÓN FONOLÓXICA:

/b a defendé a t ra dos k istános dos mów os ke a ko ke ía / po énde ke émos ke sabádes de kwá linád e v ow de kwáes mes dets nde po ke

témos d'í péla súa estó ja adeánte / sabéde ke kwándo finów el rej d

pelá o o montesíno fików o réjno de kast la se réj / fedz o í dóws a ká es o u ówve núme núno resw a o ówt o láj kálvo / de núno resw a

3. ESTUDIO DA ETIMOLOXÍA E EVOLUCIÓN FONÉTICA DAS PALABRAS DO TEXTO:

1.b : adv. de modo derivado do latino B NE.

B NE > B NE > b ne > b .

Prodúcense os típicos cambios do vocalismo cuantitativo latino ó timbre romance (> >).

Prodúcese o apócope da vocal final -E despois de certas consoantes como é aquí o -N-.

2.a: prep. que provén da forma latina D.

D > (D) > a

A nosa vocal central aberta /a/ vén da confluencia dos breve e longo latinos, despois de que a cantidade vocálica deixase de ter valor opositivo (proceso iniciado probablemente no s.I d.C. e xeralizado so s.III).

As consoantes oclusivas latinas, como lle ocorre aquí á dental sonora (-D), desaparecen en posición final de palabra.

3.defender: vbo. en Infinitivo que provén do latino DEFEND RE.

DEFEND RE > DEFEND R(E) > defendé .

Prodúcense cambios no paso do vocalismo cuantitativo do latín ó timbre romance.

Por evolución do vocalismo, a vocal final -E pérdese despois de certas consoantes como é aquí o "r".

* No latín clásico, o uso de "ff" intervocálico por "f" (deffender por defender) púidose adoptar para indicar o son da fricativa, xa que o "f" simple intervocálico latino se convertera en "v" e era pronunciado como tal.

4.a: artigo determinado fem.sg. que vén do latín LLA(M) (ILLE,-A,-UM), que é un pron. demostrativo fem.sg. en Acusat. latino.

LLA(M) > LLA > élla > éla > la > a > a.

Produciuse o cambio da cantidade vocálica ó timbre no paso do latín ó romance:

– O tónico evoluciona a [e] en romance.

Perda da consoante nasal bilabial final –M provinte do caso Acusativo, que xa desaparece foneticamente en época moi temperá (dende o s.I a.C.).

Simplificación da consoante xeminada lateral.

A primeira vocal da forma romance desaparece por eférese debido á súa atonicidade.

A perda do –l– seculario prodúcese por fonética sintáctica, nos numerosos contextos en que queda intervocálico.

* O uso de ILLE con función anafórica xa comeza no latín tardío.

* Esta forma tamén soía aparecer coas grafías "ha" e "aa".

* O alomorfo "a", pronome Acusativo átono, 3P. fem. sg. ten o mesmo étimo e evolución fonética có artigo.

5.terra: subst. fem. sg. que vén da palabra latina T RRA.

T RRA > T RRA > t ra

O único cambio salientable é a perda da cantidade vocálica latina ó pasar ó timbre romance (> >).

* Esta palabra aparece en textos romances dende o s.XIII, pero xa aparecía en documentos latinos dende o s.IX.

6.dos: contracción formada pola unión da prep. latina D e o artigo masc. pl. LL S.

D LL S > D LL S > de élllos > déllos > d los > déos > dóos > dos.

Cambios do vocalismo cuantitativo do latín ó timbre romance (no período tardolatino ábrese a vocal breve latina).

Despois, a secuencia de dúas vocais en contacto sofre crase.

A consoante xeminada lateral simplifica por fonética sintáctica debido ós numerosos contextos en que queda intervocálica; unha vez simplificada desaparece por síncope.

A secuencia resultante /eo/ sofre unha asimilación que vai derivar nunha crase (eo > oo > o) dos elementos vocálicos posteriores.

* O –s final latino mantense no galego como marca de plural.

* Este tipo de contracción era o normal dende o s.XIII.

7.cristãos: subst. masc. pl. que provén da palabra latina CHRIST N S É un cultismo xa que o resultado patrimonial é "Krist"áns".

CHRIST N S > CRIST N S > k istjános > k istjãnos > k istjãos > k istjãas > k istjãs > k istjáns.

Cambios no vocalismo latino cuantitativo ó timbre romance.

Síncope da nasal intervocálica -n- polo seu debilitamento, coa previa nasalización das vogais anterior e posterior a ela. Despois, só nasaliza a vogal anterior.

A vogal [o] sofre unha asimilación por influencia da vogal anterior [a], e posteriormente dáse unha crase da secuencia "aa" resultante.

A vogal tónica desnasaliza e dá lugar a unha consoante nasal velar.

* Tra-la caída do -n- intervocálico, o sufixo latino -ANU, -A, -OS, -AS dá lugar a catro resultados diferentes, sendo un deses, o que temos aquí (ãos).

* Cando o grupo -TJ- vai precedido de [s], o seu resultado inicial é [st"], pero a africada prepalatal xorda, a partir do derradeiro período medieval, acaba absorbendo á fricativa [s] (>[t"]).

8.dos: (Vid.6).

9.mouros: subst. masc. pl. que deriva do adxectivo latino MAURUS, -A,

-UM (habitantes de Mauritania, mouros, mahometanos).

M URUS > M URUS > máw os > mów os.

Paso da cantidade vocálica ó timbre romance (na etapa tardolatina ábrese a vogal breve latina >).

O breve latino evoluciona a "o" en romance.

O ditongo "AU" mantívose como na forma latina, pero evolucionou a /ow/ por un proceso de asimilación regresiva (au > u > ou), en palabras patrimoniais coma esta.

O -s final latino mantense en galego-portugués como marca de plural nos nomes.

* Este substantivo aparece documentado en textos galego-portugueses xa dende o s.X.

10.que: relativo que ten a mesma orixe cá conxunción, xa que os dous proceden do pronome interrogativo Acusat. sg. neutro QU, QUAE, QUID ~ QUOD.

QU D > QU D > kwíd > kwé(d) > kwé > ke.

Prodúcese cambios no vocalismo da cantidade ó timbre:

- O breve latino evoluciona a [e] regularmente.

A consoante oclusiva dental sonora final (-D) pérdese en galego.

A secuencia bifonemática < kw >, ó ir antes de vogal palatal, perde o wau, pero mantense a consoante oclusiva velar sen palatalizar (o [u] mantén a grafía pero xa non ten valor).

* A orixe da nosa conxunción subordinada que está no interrogativo neutro QUID, que en latín vulgar herdou as funcións da forma clásica QUOD.

* Para Ferreiro, a orixe de que non está clara e di que tamén pode vir do Acusat. QUEM, con perda da nasal final, e onde o -E- deriva en galego a [e] polo carácter átono da partícula.

11.a: pron. persoal que provén do Acusat. átono, 3P, fem., sg. e que sufriu a mesma evolución có seu alomorfo "a" artigo fem. sg. (vid.4).

12. conqueriã: vbo. 3P, pl. Copret. de Indic. do verbo latino CONQUA R RE (formado por influencia de QUA R RE sobre CONQU R RE).

CONQUA R BANT > CONQUA R BAN(T) > konkwae é(b)an > konkee éan > konke êã > konke iã > konke ía .

Prodúcense os típicos cambios vocálicos da cantidade ó timbre (> > e).

Desaparece a consoante oclusiva dental en final de palabra (-T).

Perda da consoante oclusiva bilabial intervocálica -B- polo contexto fónico e pola influencia da disimilación que se deu en formas verbais como D B BAM ou HAB BAM, que fai que terminacións como - BAM,- BAM do Copret. de verbos da CII e CIII evolucionen regularmente a -ía.

A vocal [a] sofre unha asimilación por influencia da vocal posterior [e] producíndose unha secuencia <-ee-> que acaba nunha crase (ae > e >).

A consoante nasal final provoca a nasalización da vocal anterior e desaparece. Esa vocal nasalizada, desnasalizará moi posteriormente dando lugar á actual consoante nasal velar.

13.Et: conx. copulativa derivada da latina T (tamén,aínda,e).

T > (T) > .

Na adaptación ó sistema romance prodúcense reaxustes no vocalismo da palabra como é o cambio da cantidade ó timbre (abertura da vocal).

Despois, a consonante oclusiva dental xorda do final apocopa; esta desaparición do -T final nesta palabra foi moi temperá en tódolos romances pero quedan algunhas pegadas da mesma nos casos en que a palabra seguinte comezaba por vocal.

14.por: prep. que provén da latina PR pero que cambia cedo en POR.

PR > PR > p o > po .

A única modificación que sofre esta forma é unha metátese entre a vocal posterior e a consonante vibrante.

Durante o período medieval convive coas formas par e per, pero será por a forma que se acaba por impoñer.

15.ende: adverbio pronominal que procede do latín ND (de aí, de iso, de onde, a partir de entón, etc).

ND > ND > é de.

Prodúcense cambios no vocalismo ó pasar da cantidade latina ó timbre romance (> > e).

*É unha palabra de grande uso ata o s.XV.

16.queremos: vbo. 1P, pl. Pres. de Indicativo do verbo latino QUAER RE.

QUAER M S > QUAER M S > ke émos.

Prodúcense os reaxustes propios do paso da cantidade latina ó timbre romance (AE > > // > > o // > > e).

*Este verbo sufriu unha innovación semántica, xa que en latín significaba "procurar".

17.que: conx. completiva (vid.10).

18.sabades: vbo. 2P, pl., Pres. Subxuntivo do vbo. latino SAP RE.

SAP T S > SAP T S > sajbádis > sajbádes (*sabades).

Dáse o paso da cantidade latina ó timbre romance:

– O breve latino postónico orixina un [e] pechado.

Prodúcese a sonorización da consoante oclusiva bilabial xorda (/p/ > /b/) e da oclusiva dental xorda (/t/ > /d/) intervocálicas.

A alveolar xorda –S consérvase xeralmente no paso do latín ó romance.

Produciuse unha metátese de iode (bj > jb) xa no latín vulgar cando o verbo, que era da CIII pasou á CII, por analoxía cos demais verbos.

*Hai que sinalar a existencia dun paradigma dialectal tanto para o verbo "saber" como para o "caber" onde estarían incluídas formas como esta (saba,sabas,...).

19.de: prep. que procede da latina D (que rexía Ablativo).

D > D > de.

Consérvase a consoante oclusiva sonora en posición inicial.

Prodúcese un cambio de acento de > // (paso da cantidade ó timbre, do vocalismo latino ó romance).

* Esta preposición foi a máis vizosa do latín e equivalía a que. Xa no latín tardío invadiu o ámbito das preposicións EX e AB, o que orixinou confusións entre as tres formas e explica o grande número de acepcións que ten hoxe en día en galego.

*En ocasións, a vocal final –e sufriu unha elisión ó contraer coa palabra seguinte, se esta comezaba por vocal (vid. 30).

20.qual: pronome relativo sg.,que provén do pronome interrogativo–exclamativo QU LIS ("de que clase,condición,natureza") na súa forma acusativa QUALEM.

QUALE(M) > kwále > kwál > kal (dial.kwal).

Primeiro prodúcese a caída da consoante nasal bilabial final –M.

Desaparece a vocal final –E ó ir en contacto coa consoante lateral.

A secuencia bifonemática KW-, cando vai seguida de [á] tónico, en xeral, simplifica, perdéndose a vocal labiovelar, aínda que no conservador bloque oriental se conserva o resultado "cua-".

* Nos monosílabos acabados en -l, actualmente en galego, téndese a repoñer a consoante no plural por analoxía coa forma singular e por influencia doutras formas como *fol-foles*, *val-vales*, etc., en que modernamente perderon o -e final etimolóxico do singular.

21.linag : subst. masc./fem., sg. que provén do provenzal *linhatge* ou do francés *lignage*, derivado de L N A (= liña).

L N A > L N A > línea > línja > lí a ! li át > liná e.

Prodúcense os pertinentes cambios no vocalismo ó paso da cantidade latina ó timbre romance.

Dada a tendencia que había a crear ditongos, a vocal fraca do hiato -ea- pecha, e fórmase o ditongo crecente -ia-. A acción do iode sobre a consoante nasal alveolar, fai que o grupo -NJ- desemboque habitualmente na consoante nasal palatal [ɲ].

* Documentábase dende o s.XI coa grafía "*linaien*".

* Na I.M. alternaba o xénero, aínda que hoxe é feminina.

* O < n > é unha simple grafía no canto de < ñ >.

22.vem: vbo.3P,sg. Pres.de Indicativo do verbo latino V N RE (med. v ir,viir).

V N T > V N (T) > véne > v n > v /b > vé .

Prodúcense os típicos cambios do vocalismo cuantitativo latino ó timbre romance

(> > // > > e).

A consoante oclusiva dental (-T) desaparece en posición final.

A semiconsoante labiovelar [w] do latín culto consonantizou no latín vulgar e confluíu en -B- latino na súa evolución (como é o caso desta palabra). No galego mantense unha das grafías latinas < v >.

A consoante nasal bilabial final latina (-M) soe desaparecer no propio latín, dende o s.I a.C., pero en palabras monosílabas coma esta, tendeu á conservación da nasal, transformada hoxe na nasal velar /- /.

23.ou: conxunción disxuntiva que provén da latina AUT.

AUT > AU(T) > ou.

Prodúcese a desaparición da consonante oclusiva xorda final (-T).

Mantense o ditongo latino AU pero evoluciona a < ou > por asimilación regresiva (au > u > ou), sobre todo nas palabras patrimoniais.

*Esta forma documéntase dende o s.XI.

*Na época medieval tamén podía aparecer a forma vel (< V L) coa mesma función de conxunción disxuntiva

ademais de outros valores.

24.de: Vid.19.

25.quaes: pronome relativo pl. (Vid.20).

QUALES > kwáes > káes > káis/káles. (cais = forma continuadora da medieval "quaes" que temos aquí).

26.omes: subst. masc. pl., derivado da forma latina HOM NES.

HOM NES > (H)OM NES > ómenes > óm n s > óm s > ómees > ómes.

Prodúcese o cambio vocálico da cantidade latina ó timbre romance.

Desaparece o fonema aspirado laringal /h/, que xa debeu ocorrer no s.I a.C. sen deixar máis rasgos que os puramente ortográficos.

Nasalización das vocais anterior e posterior á consoante nasal intervocálica, que sofre síncope polo seu debilitamento.

Na secuencia vocálica <ee>, formada polo encontro das dúas vocais iguais, prodúcese unha crase que orixina un só < e >.

O -s final latino manterase en galego-portugués e ata o galego actual como marca de plural nos substantivos.

* A forma "ome" está documentada en textos galego-portugueses dende o s.XIII. A variante escrita "omé" aparece dende o s.XIII ó XV.

27.deçende: vbo., 3P., sg.do Pres. de Indicativo do latino D SC ND RE.

DESCEND T > DESCEND (T) > deskénde > detsénde > desénde > de énde! des ende.

Prodúcense cambios no vocalismo ó pasar da pertinente cantidade latina ó timbre vocálico romance (> > e).

A consoante oclusiva dental final (-T) desaparece por regra xeral.

O grupo latino -sc-, en posición media e seguido da vocal palatal <E>, asimila o -s- á consoante palatal que se xera en K + E (-sc + E- > [ts] > [s] ~ []). Esta é a solución xeral para os verbos incoativos, producíndose unha africada dentoalveolar xorda [ts] que, ou ben enordece [] ou ben se converte na apicoalveolar [s] en zonas de seseo.

* A solución actual (-sc-) probablemente se deba a un latinismo gráfico, a unha copia de formas semellantes aparecidas en textos antigos, sobre todo a partir do s. XIX, que é cando se comeza a coñecer a literatura medieval.

* Documéntase dende o s.XIII, aínda que nesa época se confunde con "decer". No s.XIV xa se atopa a grafía moderna "descender".

28.por que: conxución causal formada pola prep. latina PR + a conxunción QU D.

(Vid. 14 e 17).

29.teemos: vbo. 1P, pl. Pres. Indic. do Infinitivo latino T N RE (med.t er, teer).

T N M S > T N M S > tenémos > t émos > teémos > témos.

Prodúcense cambios no vocalismo cuantitativo latino ó pasar ó timbre romance (o breve latino dá lugar a [o]).

Tamén se dá a caída do -n- intevocálico coa conseguente nasalización e posterior desnasalamento (é a solución maioritaria en galego, perdéndose toda a nasalidade vocálica fonolóxica na época moderna). En Galicia, só perviven as antigas vocais nasais na zona ancaresa.

Prodúcese unha crase con resultado aberto da secuencia -ee-, pola intervención da vocal aberta .

30.d´: (Vid.19) Neste caso a vocal final -e sofre unha elisión ó ir en contacto cunha palabra que comeza por vocal.

31.ir: vbo. en infinitivo, do latín RE.

RE > R(E) > i .

O único cambio salientable que sufriu este verbo dende o latín ó romance foi a perda da vocal final -E, que se dá por evolución do vocalismo despois de certas consoantes como é aquí a vibrante -R-.

32.pela: contracción formada pola unión da preposición latina P R + a 2ª forma do artigo determinado fem. sg. LA provinte de LLA(M) (en Acusat. latino).

P R LLA(M) > P R LLA > per-élla > per-éla > per-la > pel-la > pela/pola.

O artigo perde a consoante nasal final -M xa dende moi cedo.

Prodúcense os cambios no vocalismo propios do paso do latín ás linguas romances:

- O breve latino evoluciona ata orixinar < >.

- O breve evoluciona a < e >.

A consoante xeminada lateral simplifica (-LL->-L-).

En fonética sintáctica o -r final da preposición per aglutínase co l- do primitivo artigo (lo,la,los,las) pola asimilación regresiva e posterior simplificación que se produce no seu encontro co artigo (r-l > l-l > l).

* Esta preposición ten a súa orixe no latín PR , convive durante a I.M. coa forma por e tamén coa forma par (seguramente un galicismo).

* Estes alomorfos das formas normais do artigo son moi usados na lingua oral e popular e aparecen por fonética sintáctica despois de palabras rematadas en -r ou -s dende os primeiros tempos do galego-portugués.

* Podían aparecer as formas sen contraer (ex.perla), pero as contraccións impuxéronse dende o s. XII ata o galego moderno.

33.sua: adxectivo posesivo fem.,sg., do latín S S,S A.

S A(M) > S A > súa.

Prodúcese os cambios do vocalismo cuantitativo d latín ó seu paso ó timbre vocálico romance:

– O tónico evoluciona a [ó], vocal que pecha e se converte en [ú], en diferentes contextos; o que se dá aquí é o encontro vocálico –óa–, procedente desa secuencia latina – A–, onde o breve latino desemboca por disimilación en [ú].

* No galego-portugués medieval tamén aparecía a antiga forma átona sa, sobre todo na lírica trobadoresca e na prosa notarial.

34.estoria: subst. fem.,sg. do latín H ST RIAM (semiculto).

H ST RIA(M) > (H) ST RIA > estó ea > estó ja > istó ja > histó ja.

Desaparición do fonema aspirado laringal /h/, que se debeu dar xa no s.I a.C. sen deixar máis pegadas que as puramente ortográficas.

Cambios no paso do vocalismo cuantitativo latino ó timbre romance:

– A pretónica inicial < > dá lugar a un [e] átono inicial, que é moi inestable e sofre moitos cambios, como pode ser a pechazón en <i>, neste caso, por unha reacción culta relatinizadora.

– O I postónico evoluciona cara [e] , que en contacto co a forma ditongo pechando un grao.

– O < o > tónico evoluciona regularmente a [], vocal posterior media aberta.

* Como xa indiquei, a solución medieval viuse finalmente substituída por historia, palabra máis próxima ó étimo, por un afán relatinizador dende as esferas da cultura.

* Non podemos considerar esta voz plenamente patrimonial, xa que de ser así esperaríamos un resultado con metátese de iode (hestoira) como p.ex. ocorre en primeiro (< PRIMARIU(M)).

35.adeante: adv. temporal con significado de máis adiante; derivado de delante, como resultado fonosintáctico da unión de catro preposicións:

D + D + N + ANTE > adenante > ad ánte > adeante > adjánte.

Prodúcese cambios no vocalismo ó pasar da pertinente cantidade vocálica ó timbre:

– O longo de D evolúu cara < e > pechado.

– Do breve de N sae resultante un < e > pechado, que ó confluír co outro <e> pechado forma un grupo –ee–.

– En xeral, a vocal < a > mantense en sílaba inicial dende o latín ó galego.

O grupo –ee– sufrirá unha crase converténdose nun /e/ (ee > e). Estaríamos agora nun hipotético *adenante.

Finalmente, prodúcese a caída do –n– intervocálico.

Hai que sinalar tamén que cando na lingua hai un hiato do tipo –ea–, tende a producirse unha inflexión da

vocal -e-, convertendo o hiato no ditongo -ia-.

* Esta forma aparece xa no s.XIII, domina nos ss. XIII e XIV ata que chega ó XV, que é cando se impón a forma actual adiante, aínda que xa aparecía esporadicamente no s.XIII.

36.Sabede: vbo. en Pres. de Imperat.,2P,pl. do vbo. latino S P RE.

SAP TE > SAP TE > sabéde.

Prodúcense cambios vocálicos como consecuencia do paso da cantidade vocálica latina ó timbre romance (> > e).

Ten lugar a sonorización das consoantes oclusivas xordas intervocálicas (p>b // t>d).

37.que: (vid. 10).

38.quando: adv. de tempo procedente do QUAND latino.

QUAND > QUAND > kwá do > ká do (~ kwádo).

Paso da cantidade ó timbre romance:

– O longo do latín clásico dá lugar a un tónico no latín vulgar, que desemboca en [o] e que normalmente se mantén ata hoxe.

Nesta forma, simplifícase a secuencia < kw > por síncope do segundo elemento ó ir seguido de -á- tónico.

* A forma cuando mantense no galego actual da zona sur e occidental de Galicia.

* Este adverbio, ó igual ca como, tamén tiña en latín a función de conx. subordinativa, sen perder o seu valor de tempo. Estas dúas son das poucas conxs. Subordinativas que perviven en galego-portugués.

39.finou: vbo. 3P, sg. do Pretérito de FIN RE, derivado de FIN.

FIN V()T > FIN V(T) > fináw > finów.

Prodúcense os típicos cambios no vocalismo ó pasar do latín ó romance (> > a).

Desaparece a consoante oclusiva xorda final (-T).

O ditongo latino AU mantense como tal, dando lugar ó ditongo ou por un proceso de asimilación regresiva (aw > w > ow).

A consoante fricativa labiodental xorda F- mantense sen excepcións.

* As actuais desinencias da CI e da CIII débense ós cambios fonéticos que se produciron no latín vulgar.

40.el: pron. persoal, 3P, masc.,sg., do latín LLUM (aquel), Acusat. sg. masc. e neutro do pronome demostrativo LLE,-A,-UM do que tamén resultan as formas átonas do pronome persoal e mais as do artigo determinante.

LLE(M) > LLE < ille > ile > éle > él.

Prodúcense cambios no vocalismo cuantitativo latino ó pasar ó timbre romance (> > e).

Dáse unha simplificación da consoante xeminada lateral (LL > L).

A voacal final -E apocopa despois da consoante lateral -l.

* A hipótese da súa evolución non está moi clara, xa que soe aparecer unicamente diante do substantivo rei. Co substantivo rei, a documentación máis antiga remítenos ó s. XII, sendo este o seu uso exclusivo a partir do s. XV.

* Úsase para o tratamento de cortesía, sobre todo na literatura medieval, pero incluso penetrou no galego común.

41.rrey: subst. masc. sg. que vén do termo latino R GE(M) e que se emprega normalmente en documentos galego-portugueses dende o s.XIII.

R GE(M) > R GE > rége > ré e > rée > réj.

Xa no latín tardío debeu perder a nasal bilabial final M- e substituíuse o acento de cantidade polo de intensidade:

– A evolución de longo latino orixina < e > pechado en galego.

Prodúcese a síncope da oclusiva velar sonora (-g-) ó ir en posición intervocálica (desaparece nas palabras patrimoniais máis antigas aínda que vaia detrás dunha vocal palatal), quedando como resultado un hiato; este hiato convértese nun ditongo decrecente (ei) por contacto entre dúas vocais iguais, e pode aparecer con y, como é o noso caso, nalgunhas variantes.

A consoante vibrante múltiple pode manter ou non a forma ortográfica simple ou representarse xeminada (vid. 52), o que amosa a vacilación na representación dun son que non é latino.

42.dõ: subst., masc.,sg. Termo de cortesía que acompaña a nomes de persoa mascs. e que provén da forma latina DOM N M, pero é probable que a palabra partise da forma apocopada *DOMNUM.

DOM N M > DOM()N (M) > dómno > dónno > dóno > dõno > dõo > dõ > do .

A perda da consoante nasal final -M xa se produce no latín vulgar.

Tamén ten lugar unha síncope do -i- postónico.

Prodúcense os cambios no vocalismo da pertinencia cuantitativa ó timbre:

– O latino pasa a [ó] e o pasa a [o].

A nasal bilabial trabante do grupo -mn- sofre unha asimilación regresiva (-mn->-nn->-n-), que tamén contribúe á pechazón de [o].

A nasal intervocálica resultante (-n-) debilítase e desaparece, transferindo a súa nasalidade á vocal tónica. Como resultado temos o grupo < õo >, que acabará simplificando, quedando só a vocal nasalizada. Esta vocal desnasaliza, aparecendo unha consoante nasal velar final.

* Esta palabra xa posuía no latín o mesmo significado ca na actualidade: señor, cabaleiro, xefe, etc.

* Dende o s. IX, xa aparecen formas apocopadas da palabra latina como *donnus*, *domnus* ou *don*.

43. *Pelayo*: subst. masc. sg. propio. Antropónimo que procede do latín *PELAG US*, e este do grego *Pelagios* (mariño, home de mar), derivado de pélagos (mar).

Neste nome puido confluír tamén o antigo *Paladio*, vinculado á deusa Palas Atenea.

PELAG US > *PELAG U(S)* > *pelágjo* > *pelájo* > *paájo* > *pájo*.

Paso da cantidade vocálica latina ó timbre romance:

– O breve latino en posición final orixina < o >.

– O breve orixinaría xeralmente [], pero aquí o timbre de [é] alérase no latín vulgar pechando un grao e converténdose en [í].

A consoante velar sonora –G–, desaparece en palabras patrimoniais xa en épocas moi antigas aínda que vai seguida de – –.

A consoante lateral –l– en posición intervocálica, desaparece probablemente por un proceso de fricativización semellante ó acontecido coas consoantes oclusivas sonoras intervocálicas.

* Esta forma aparece apocopada xa no medievo en *Pai*, perdendo o –o final (*PELAG U* > med. *Pelayo*/*Paio*/*Pai*).

* Deste étimo proceden apelidos galegos comúns como *Páez*, *Pais* ou *Paz*.

44.o: artigo masc.sg. procedente de *LLU(M)*.

LL (M) > *LL* > *éllo* > *élo* > *lo* > *o* > *o*.

Prodúcese cambios no vocalismo cuantitativo do latín ó timbre romance (o tónico evoluciona a /e/ en romance).

A consoante nasal final latina (–M) provinte do caso *Acusat.* pérdese cedo, xa no s.Ia.C..

Tamén se dá unha simplificación da consoante xeminada lateral.

O carácter de atonicidade da primeira vocal en romance galego (e) provoca a súa aférese.

A perda do l– secundario prodúcese por fonética sintáctica, nos numerosos contextos en que quedaría intervocálico.

* O alomorfo o do pronome acusativo átono de 3P masc.sg. ten o mesmo étimo e evolución fonética có artigo.

45. *Môtesino*: antropónimo. Probablemente este nome derive da palabra árabe *al– abalayyin*, que significa < os Montesinos >, entendendo este plural como un antropónimo sacado dun singular *abali* (montesino).

Quizáis sexa unha asociación etimolóxica popular.

46. *ficou*: vbo., 3P,sg. Do Pret. fraco da forma latino–vulgar *F G C RE, de F G RE (cravar; aquí ten significado de permanecer, quedar).

FIGIC V()JT > FIGIC VT > figikáw > fiikáw > fików.

Restructúrase o vocalismo ó pasar ó timbre romance (> > a).O /u/ é máis pechado porque é unha semivocal/semiconsoante que non funciona como núcleo silábico.

Desaparece a consoante oclusiva sonora intervocálica –G–, que deixa dúas vocais iguais en contacto, que acaban simplificando por crase.

Prodúcese unha asimilación regresiva do ditongo latino –AU– (aw > w > ow).

* Actualmente, emprégase a vocal –o como marca da 3P dos Perfectos por influxo da solución da CI.

47.o:(Vid.44).

48.rreyno: subst. masc.sg. Proven da forma latina R GNU(M).

R GNU(M) > R GNU > réjno > réjno/réyno.

A consoante nasal bilabial final –M, típica do caso Acusat. do que proveñen os nomes galegos, desaparece foneticamente no propio latín xa dende o s. I a.C..

Danse cambios no vocalismo latino ó paso ó timbre romance (> >e // > > o).

Prodúcese a vocalización do primeiro elemento do grupo consonántico –GN– (a oclusiva velar sonora) en < i >, creándose o ditongo < ei>.; Ferreiro opina que nesta evolución puido influír rei.

* Na lingua medieval, o fonema vocálico palatal /i/, aparece representado polos grafemas < i>, < y> e < j >, que eran equivalentes e alternaban no interior dun mesmo texto, como vemos aquí, o que indica a grande vacilación que había ante o uso dun ou doutro fonema (sobre todo no caso de < i> e de < y >, xa que < j > era menos usado).

49.de: (Vid.19).

50.Castella: subst. propio. Topónimo derivado de CAST LL , do subst. neutro CASTELLUM (< os castelos >).

CAST LL > CAST LL > kast la.

Prodúcense reaxustes vocálicos ó pasar ó timbre romance:

– O breve latino en posición tónica evoluciona normalmente a galego como [], pero neste caso, a vocal pecha ó ir seguida dunha consoante palatal.

En xeral, a consoante oclusiva velar xorda K + A consérvase.

A consoante xeminada lateral simplifica (–LL– > –L–).

O grupo consonántico –ST– mantense inalterado dende o latín, igual que o –A final.

* É destacable a pervivencia dun plural neutro na toponimia, cando o usual foi a substitución da forma neutra por unha masculina (castelos).

* A presenza dunha grafía xeminada –ll–, non é froito dunha palatalización, senón que é unha mostra de grafía latinizante.

51.sen: preposición derivada da latina S NE.

S NE > S NE > séne > se .

Paso da cantidade latina ó timbre vocálico romance (> > e).

Prodúcese síncope da vocal final –e, polo que se impide a caída da consoante nasal alveolar sonora (hoxe velar en galego), ó non quedar en posición intervocálica.

En xeral, en posición inicial sóese conservar a alveolar xorda S–.

* O E foi a vocal que máis apocopou no paso do latín ó galego.

52.rey: (Vid.41).

53.Et: (Vid.13).

54.fezerõ: vbo., 3P., pl., do Pretérito, derivado do vbo. latino FAC RE (med.fazer).

F C R NT > F C R N(T) > fek o > fedz o > fez o > fes o > fe o fi o .

Paso común da cantidade latina ó timbre romance (> > e // > > // > > o).

Desaparece a consoante oclusiva dental final (–T) e a consoante nasal final que queda consérvase ata hoxe, aínda que no medievo aparecese manifesta nunha vocal nasalizada (õ).

A velar xorda –K– seguida da vocal palatal –E–, palataliza, converténdose nunha africada dentoalveolar sonora [dz], para posteriormente pasar á fricativa [z] nunha simplificación do fonema. A solución moderna fixeron débese a que na 1P sg. dos Pretéritos fortes, o longo final influíu metaforicamente na vocal tónica, pechándoa en < í > ou en < ú > (F C > med.fiz ~ fige > fixen), proceso que se estendeu para as demais persoas e tempos afíns, o que explica por un lado, a aparición desa vocal pechada, e por outro, que dende a época medieval se presente xa unha fricativa prepalatal sonora [ʃ] que posteriormente enxordecerá [ʃ].

Produciuse unha regularización acentual, xa que este vbo., correspondente ós pretéritos fortes latinos, tiña o acento na raíz, acento que se deslocou para a penúltima sílaba por analoxía coa 3P, pl. dos pretéritos fracos (FÉCERUNT – FECÉRUNT).

55.y: adv. pronominal de lugar que provén do lat. B (alí,nese lugar).

B > B > ébi > é i > éi > íi > í > aí.

Prodúcense os típicos reaxustes no vocalismo (paso da cantidade ó timbre), pero aquí o resultado de I tónico debería ser [e] , pero este viuse inflexionado un grao polo influxo metafónico da vocal final.

Tamén se perde a consoante oclusiva bilabial sonora intervocálica , que xa debeu desaparecer no latín vulgar (á súa fricativización seguiu a definitiva síncope).

Posteriormente ten lugar o encontro das dúas vocais iguais que se resolve en crase (–ii > –i/neste caso, y).

* Este adverbio latino *B* contribuíu á formación de *hai* (vbo.haber) ó aglutinarse coa forma verval *ha* xa na lingua antiga (como consecuencia das numerosas veces en que estas dúas partículas aparecían sucesivas).

* O resultado galego-portugués deste adverbio (*i ~ y*), pasou á actual aí mediante a engádegas dun /a/ protético. A modernidade desta forma exclúe a posibilidade dun étimo AD IBI.

56.II: numeral cardinal representado graficamente en números romanos que procede do latín *D S* / *D AS*.

D S > *D S* > **dóos* > *dóws*/dial.*dójs*.

Prodúcese cambios no vocalismo ó pasar da pertinente cantidade latina ó timbre en romance:

– O breve latino dá lugar a [o].

No latín clásico, normalmente prodúcese a crase da secuencia –oo– en –o–, pero cando esta secuencia se forma en latín vulgar e non no clásico, aparece un ditongo –ou– (**doos* > *dous*), xa que o –o final ó entrar en contacto cunha vocal anterior, convértese en marxe silábica dun ditongo e pecha en –u.

* A evolución desta palabra é extraña, xa que en dúas, conservouse o u en hiato, pero isto non ocorreu en *dous*. Debemos supoñer a forma *doos* e anormalmente *dous* en vez da que sería normal *dos*.

* Esta forma documéntase dende o s. XIII ata hoxe en galego.

* Actualmente danse alternancias dialectais coas terminacións –ou/–oi, sobre todo no bloque oriental (*dous/does*).

57.alcalles: subst. masc. pl. (que conduce, que guía).

É unha palabra procedente do termo árabe *AL-Q ID*, que soe aparecer grafada como *alcayde* (aquí temos unha variante).

En Portugal, a forma *alcalde* desaparece moi pronto ó ser usada a palabra *alcaide*. En Galicia séguese usando co mesmo sentido ca en castelán e xa aparece documentada dende o s.XI, imponéndose dende o s.XII.

A variante *alcalles* que aparece neste texto é do s.XIII.

58.o: (Vid. 44).

59.h u: pronome indef. masc. sg. que procede de *NUM*, Ac. masc. sg. do pronome numeral *NUS*, –A, –UM.

N (M) > *N* > *úno* > *nõ* > > > *u* .

Prodúcese o apócope da nasal final –M xa en época moi temperá.

Teñen lugar cambios no vocalismo ó pasar do latín ó romance:

– O longo do latín clásico pasa a U tónico en latín vulgar e mantense sistematicamente en galego-portugués.

– O breve latino orixina < o >.

A nasal intervocálica sofre síncope e nasaliza ás vocais contiguas.

Tra-la caída da consoante nasal, dáse unha asimilación das dúas vocais que ten como resultado a secuencia –
–, que rachará por crase ó quedaren en contacto dúas vocais fracas.

A vocal resultante desnasaliza debido á aparición dunha consoante nasal velar final (é moderna, no medievo non existía).

A fricativa velar apirada (h–) xa desaparece antes da época clásica e só pervive nalgúns palabras coma un vestixio gráfico.

60.ouue: vbo., 3P, sg., Pretérito do vbo. latino HAB RE (existir/haber).

(H)ABU (T) > ABU > ábwe > á we > áw e (~áwve) > ów e ów o (~ówvo) > ówbo.

Produciuse a desaparición da consoante oclusiva dental (–T) ó ir en posición final e a fricativa velar aspirada (H–) xa desapareceu en época moi temperá.

O vocalismo tamén cambia, da pertinecia da cantidade latina pasa ó timbre en romances:

– O breve latino orixina a vocal final < –e >.

Hai metátese regular de wau (HAB > houve > houben), que contribúe a que apareza o ditongo –aw– na sílaba tónica.

* Por evolución fonética das terminacións latinas, os pretéritos fortes do período trobadoresco tiñan a mesma desinencia para a 1P e a 3P, polo que nalgúns verbos coma neste, coincidían as dúas formas verbais (HAB > houve / HAB T > houve). Isto soluciónase ó aparecer a terminación –o para a 3P por analoxía cos pretéritos fracas (ouve ouvo > houbo).

61.nume: subst. masc. sg. que provén da forma latina N M NEM.

N M NE(M) > N M NE > nómene > nóm ne > nóm e > nóm > nóme/núme (arc. e dial.)

Esta forma perde a consoante nasal final (–M) xa no período tardolatino.

O < > abre para pasar finalmente a /e/, e o longo latino evoluciona a [ó].

A continuación a nasal intervocálica sofre síncope, polo que se nasalizan as vocais que a rodean.

Despois a vocal final perde a nasalidade e desaparece. A vocal final resultante tamén perde a nasalidade.

A nasalidade final que aparece tra-la desaparición de –N–, pérdese modernamente en galego, aínda que na I.M. si que se documenta.

* A solución dialectal nume vén dada pola metafonía que o –e final crea sobre [ó], aínda hoxe, en certas falas de Ourense e do sur De Lugo.

62.Nuno: subst. masc. propio. Antropónimo de orixe incerta:

– é probable que veña do latín N N S (monxe).

NN S > NN (S) > núno.

Cambios no vocalismo ó pasar do latín ó romance (> >u // > >o).

A consoante xeminada nasal en posición intervocálica simplifica (-NN->-N-).

– tamén puido ser unha voz da linguaxe infantil para designar ó marido da ama de cría.

Destas posibles definicións chegaría co tempo a ser unha forma empregada polos frades novos para designar respectuosamente ós vellos.

– Hai quen opina que provén do nome persoal xermánico Nunno, xa que nos textos medievais galegos aparece o xentilicio Nuniu, que por evolución daría a forma castelá Nuño, e que explica a frecuencia con que aparece no galego actual o apelido Núñez.

63.Resuera: << non atopei información relativa a este antropónimo>>.

64.Et: (Vid.13).

65.o:(Vid.44).

66.outro: pron. indefinido masc.,sg. do Acusat. latino ALT RUM, procedente de ALTER, -A,-UM (o outro entre outros).

ALT RU(M) > ALT RU > ált o > ált o > áwt o > ówt o.

Desaparece a consoante nasal final -M xa moi cedo.

Hai unha alteración do vocalismo no seu paso ó romance:

– O U latino en posición átona pasa en galego a [o].

– O breve latino evoluciona ata dar < >.

Prodúcese a síncope da vocal postónica (vocal palatal media < e >).

O -l- implosivo vocaliza en -u- cando o grupo -LT- vai precedido da vocal A-, formándose o ditongo < au >, que evolucionará ata < ou > por asimilación regresiva (aw > w > ow).

* Como froito dun estadio anterior, podemos destacar certas alternancias e vacilacións ou- ~ au- (outro vs. arc. e dial. autro).

* Esta forma substituíu á do latín clásico ALTUS (outro) xa no latín vulgar, pasando así a tódolos romances.

67.Layn: subst. masc. propio. Antropónimo que aparece grafado noutros escritos e documentos como Laym ou Laim. É a forma resumida de Lainho.

68.Caluo: subst. masc. propio que provén do latín CALV S.

CALV (S) > CALV > kálvo.

O único salientable que ocorre na evolución desta palabra do latín ó romance foi o cambio vocálico, xa que o

breve latino evoluciona xeralmente a < o >.

A consoante oclusiva velar K- consérvase nesa posición inicial.

* De orixe etrusca, é un alcume, apelido ou topónimo usado xa en textos latinos do s.X e que deixou descendentes toponímicos no seu paso ós romances.

En textos romances aparece dende o s. XIII.

69.Et: (Vid.13).

70.de: (Vid. 19).

71.Nuno: (Vid. 62).

72.Resuera: (Vid. 63).

4. ESTUDIO GRAFEMÁTICO:

Se atendemos a tódolos trazos e grafías que aparecen no texto estudiado, observamos que hai unha certa irregularidade no sistema de representación escrita da época medieval.

4.1 REPRESENTACIÓN DA VOCAL / i /:

No galego-portugués medieval, o fonema vocálico palatal /i/ podía aparecer representado polos grafemas < i >, < y > e < j >. Os tres grafemas son equivalentes, podían formar ditongos e alternar no interior dun mesmo texto, como podemos ver aquí, polo que estamos ante unha situación de poligrafía.

A grafía maioritaria é a de < i >, que aparece sobre todo nos ditongos crecentes (ex. estorial.6,6), pero ás veces hai unha certa vacilación con

< y >, que pola súa parte, é o predominante nos ditongos decrecentes (ex. reyl.7,10).

O grafema < j > non aparece neste fragmento e xa era considerado por Maia Azevedo, como o menos empregado.

4.2 PRESENCIA DE -U-, -V- E -B-:

Tanto -u- coma -v- podían representar o fonema /v/ ou o asilábico u, formando ditongos.

– Como fonemas vocálicos: a grafía < u > é a máis común, tanto en ditongos crecentes (ex. quall.5,5) coma en decrecentes (ex. ficoul.7,4), aínda que tamén pode ser un grafema baleiro, sen equivalencia fonolóxica, cando vai precedido de consoante velar e seguido de vocal (ex. quremosl.5,1).

– Como fonemas consonánticos: tanto < u > coma < v > poden representar o valor consonántico do fonema fricativo bilabial sonoro /v/ (ex. ouuel.8,2). Este fonema confundíase co oclusivo bilabial /b/, representado polo grafema < b >, pero estas vacilacións do galego-portugués do s. XIII aínda eran maiores se engadimos un terceiro fonema labiodental sonoro /v/, representado por

< f >, que acabou sendo adquirido por /f/. Deste xeito, palabras derivadas do latín que debían comezar por < v >, aparecían con < b >.

As vacilacións fixéronse máis frecuentes nos escribas do s.XV, que ó dubidar, comezaron a empregar < b > como unificación dos fonemas /b/, / / e /v/ nun só fonema oclusivo e fricativo /b/.

Hoxe en día as palabras restructuráronse ortográficamente atendendo á procedencia etimolóxica.

4.3 REPRESENTACIÓN DAS CONSOANTES FRICATIVAS E AFRICADAS:

No galego-portugués medieval había tres pares diferenciados de sibilantes:

- 2 africadas predorso-alveolares xorda e sonora / / e /z/ (pronunciadas como ts e dz).
- 2 fricativas ápico-alveolares xorda e sonora /s/ e / /.
- 2 fricativas prepalatais xorda e sonora / / e / / (provintes dos fonemas africanos /d / e /d / respectivamente).

No texto podemos ver varios exemplos:

A africana predorso-alveolar xorda / / aparece representada pola grafía

< ç > na palabra deçende (l. 5,12).

A africana predorso-alveolar sonora /z/ aparece na palabra fezerõ

(l. 7,12), coa grafía < z >.

As fricativas ápico-alveolares aparecen representadas pola grafía < s >, tanto para a xorda (ex. sabadesl. 5,3) como para a sonora (ex. Mõtesino l. 7,3).

A fricativa prepalatal sonora, ou mellor dito, o fonema africano do que procede (/d /), que despois fricativizaría en / /, aparece na palabra linag (l. 5,6) (máis tarde enxordece).

Este sistema medieval simplificou moito: os fonemas africanos (/ts/ e /dz/) perderon a oclusiva inicial, transformándose en fonemas fricativos (/s/ e /z/) que se opoñían ós xa existentes fricativos ápico-alveolares (/s/ e / /).

Durante o período postrobadoresco, estes dous grupos volveron simplificar a favor das xordas; os primeiros confluíron nun único fonema predorsodento-alveolar xordo /s/ que despois evolucionaría cara / / (fricativo interdental xordo) e os segundos evolucionaron cara un fonema /s/ (ápico-alveolar xordo). As fricativas prepalatais tamén confluíron no fonema xordo [].

A neutralización xorda-sonora puido comezar no s.XIII, pero é difícil de saber debido á vacilación que se deu na grafía destes fonemas. Ademais, en pequenas zonas da Limia Baixa ou de Zamora non se deu esta neutralización e aínda existen sibilantes sonoras na actualidade.

4.4 REPRESENTACIÓN DAS CONSOANTES LATERAIS:

A consoante lateral simple -l- consérvase sempre en posición inicial ata o s.XV nesta zona galego-portuguesa (ex. linag l.5,6), fronte á palatalización que ocorre no territorio astur-leonés; en posición intervocálica fricativiza ata desaparecer e en posición final é o resultado da desaparición dun -E latino anterior (ex. qual < QUALE l.5,4).

A consoante lateral palatal / / aparece representada polo grafema < ll >, grafía latinizante que se corresponde coa evolución da xeminada latina -LL-. Esta xeminada só aparece en posición inicial como froito dunha

palatalización dialectal, e en posición intervocálica simplifica (–LL–>–L–) (ex. Castella > Castela l– 7,8) agás nas áreas en que se dá aquela palatalización.

Un caso especial é o dos artigos e pronome persoal de 3P, onde a xeminada simplifica e despois desaparece por fonética sintáctica ó quedar como l– primario (ex. LLA > éla > a > a l.4,4).

4.5 REPRESENTACIÓN DAS CONSOANTES VIBRANTES:

A consoante vibrante latina en posición inicial de palabra, convértese nunha vibrante múltiple, aínda que ortograficamente se represente coa forma simple < r > (ex. rey ! l.7,10) ; pero neste texto temos unha excepción: as palabras rrey (l.6,13) e rreyno (l.7,6), que como vemos, comezan coa grafía < rr >, seguramente coa intención de indicar que estamos ante unha vibrante múltiple e non ante unha simple.

En posición intervocálica, a xeminada latina –RR– simplifica, converténdose nunha vibrante múltiple [r] (ex. terra<T RRA! l.4,5), mentres que a vibrante simple latina –R– se conserva como [] (ex. mouros< M URUS! l.4,9) .

Por último, en posición final de palabra, sempre aparece a vibrante simple, sufrindo na maioría dos casos, metátese (moi frecuente tamén en posición intervocálica).

4.6 O TIL DE NASALIDADE:

Na época medieval, para representar a consoante nasal implosiva podían aparecer tres grafías diferentes: < n >, < m > ou < ~ > (til de nasalidade).

Neste texto hai palabras que teñen tiles de nasalidade adoptados por diferentes procesos, e polo tanto, que teñen diferentes valores:

– como substitución dunha consoante nasal implosiva: b (l. 4,1) / fezerõ (l.7,12). Estaríamos, polo tanto, ante vocal oral + consoante nasal.

– con valor de resonancia nasal; como marca da nasalidade que permanece nunha vocal despois da caída dunha consoante nasal intervocálica, a cal se debilita e pasa o seu trazo ás vocais anterior e posterior: cristãos (l. 4,7) / h u (l. 8,2). Desta maneira pérdese a nasal pero co tempo recupérase na maior parte dos casos.

Na lingua medieval, a nasalidade destas vocais era un trazo pertinente dende o punto de vista fonolóxico, xa que permitía diferenciar palabras.

5. ÍNDICES.

5.1– ÍNDICE DE VOCES DO TEXTO POR ORDE ALFABÉTICA:

- **a!** art.px.308,l.4., – **nume!** px.308,l.8.
- **a!** prep.px.308,l.4. – **o!** px.308,ls.7,8.
- **a!** pron.px.308,l.4. – **omes!** px.308,l.5.
- **adeante!** px.308,l.6. – **ou!**px.308,l.5.
- **alcalles!** px.308,l.7. – **outro!** px.308,l.8.
- **b !** px.308,l.4. – **ouue!** px.308,l.8.
- **conqueriã!** px.308,l.4. – **por!** px.308,l.4.
- **cristãos!** px.308,l.4. – **por que!** px.308,l.5.
- **d'!** px.308,l.6. – **pela!** px.308,l.6.
- **de!**px.308,ls.5,8. – **quaes!** px.308,l.5.

- **deçende!** px.308,l.5. – **qual!** px.308,l.5.
- **defender!** px.308,l.4. – **quando!** px.308,l.6
- **dô!**px.308,l.6. – **que!**relat.px.308,l.4.
- **dos!** px.308,l.4. – **que!** conx.px.308,ls.5,6.
- **ende!** px.308,l.4. – **queremos!** px.308,l.5.
- **el!** px.308,l.6. – **rey!** px.308,l.7.
- **estoria!** px.308,l.6. – **rrey!** px.308,l.6.
- **et!** px.308,ls.4,7,8. – **rreyno!** px.308,l.7.
- **fezerô!**px.308,l.7. – **sabades!** px.308,l.5.
- **ficou!**px.308,l.7. – **sabede!** px.308,l.6.
- **finou!**px.308,l.6. – **sen!** px.308,l.7.
- **h u!**px.308,l.8. – **sua!** px.308,l.6.
- **II!**px.308,l.7. – **teemos!** px.308,l.6.
- **ir!**px.308,l.6. – **terra!** px.308,l.4.
- **linag !**px.308,l.5. – **vem!** px.308,l.5.
- **mouros!**px.308,l.4. – **y!** px.308,l.7.

5.2-ÍNDICE ONOMÁSTICO:

TOPÓNIMOS	ANTROPÓNIMOS
– Castella! px.308,l.7.	– Caluo! px.308,l.8.
	– Layn! px.308,l.8.
	– Mõtesino! px.308,l.7.
	– Nuno! px.308,l.8.
	– Pelayo! px.308,l.7.
	– Resuera! px.308,l.8.

5.3 ÍNDICE ETIMOLÓGICO:

a) Latino:

nume	N M NE(M)	Num	N S
a (art.)	LLA	o	LL
a (prep.)	(D)	om	HOM NES
adeante	D+D + N+ANTE	ou	AUT
b	B NE	outr	ALT RU(M)
Caluo	CALV S	ouu	(H)ABU (T)
Castella	CAST LL	pela	P R + LLA
conqueriã	CONQUA R BANT	Pelayo	PLAG US
cristaõs	CHIST N S	por	PR
d'/de	D	por	PR + QU D
deçende	DESCEND T	que	QUALES
defender	DEFEND RE	qua	QU

dō	DOM N M	qua	QUALE(M)
dos	D + LL S	qua	QUAND
el	LLE(M)	que	QU D
ende	ND	que	QUAER M S
estoria	H ST RIA(M)	rey	R GE(M)
et	T	rrey	R GNU(M)
fezerō	F C R NT	saba	SAP T S
ficou	FIGIC V()T	Saba	SAP TE
finou	FIN V()T	sen	S NE
h u	N (M)	sua	S A(M)
II	D S	teen	T N M S
ir	RE	terr	T RRA
linag	" L N A	ver	V N (T)
mouros	M URUS	y	B

b) Árabe:

alcalles	AL-Q 'ID
Môtesino	AL- ABALAYYIN

c) Outras procedencias:

Layn	< orixe descoñecida >
Resuera	< orixe descoñecida >

* Non está clara a procedencia de Nuno, xa que tamén pode vir do xermánico Nunno(vid. 62)

6.BIBLIOGRAFÍA CONSULTADA:

GRAMÁTICAS:

- FERREIRO, M. (1999): *Gramática histórica galega. I. Fonética e Morfosintaxe*. Santiago de Compostela. Laiovento.
- FERREIRO,M. (1997): *Gramática histórica galega. II. Lexicoloxía*. Santiago de Compostela. Laiovento.

ESTUDIOS DE TEXTOS MEDIEVAIS:

- AZEVEDO MAIA, C. (1986): *História do Galego–Português.Estado linguístico da Galiza e do Noroeste de Portugal do século XIII ao século XVI (com referência à situação do galego moderno)*. Coimbra. J.N.I.C.
- LORENZO, R. (1975/1977): *La traducción gallega da le Crónica General y de la Crónica de Castilla*. II Vols. Ourense. Instituto de Estudios Orensanos Padre Feijoo.

DICCIONARIOS ETIMOLÓXICOS E ONOMÁSTICOS:

- COROMINAS, J. / PASCUAL, J.A. (1980/91): *Diccionario crítico etimológico castellano e hispánico*. Madrid. Gredos.

- CUNHA, A. GERARDO DA (1989): *Dicionário etimológico Nova Fronteira da língua portuguesa*. Rio de Janeiro. Nova Fronteira.
- FERRO RUIBAL, X. (1992): *Diccionario dos nomes galegos*. Vigo. Ir Indo.
- MACHADO, J. PEDRO (1977): *Dicionário Etimológico da Língua Portuguesa*. Lisboa. Livros do Norte.
- MACHADO, J. PEDRO (1994): *Dicionário Onomástico–Etimológico da Língua Portuguesa*. Lisboa. Horizonte / Confluência.
- NIETO BALLESTER, EMILIO (1997): *Breve diccionario de topónimos españoles*. Madrid. Alianza.

OUTROS DICCIONARIOS E LIBROS:

- GARCÍA, C. E M. GONZÁLEZ GONZÁLEZ (2000): *Diccionario da Real Academia Galega*. Vigo. RAG/Xerais/Galaxia.
- LANCIANI, G. / G. TAVANI (1993): *Dicionário da literatura medieval galega*. Lisboa. Ed. Caminho.
- VVAA (2002): *Latín I*. A Coruña. Rodeira/Grupo Edebé.

VVAA (2003): *Latín II*. A Coruña. Rodeira/Grupo Edebé.